

TRABALLO PLÁSTICO DO PROXECTO COMUNIDADE

no IES de Ponte Caldelas

A partir da serie de fotografías recollidas polo alumnado do IES Ponte Caldelas no marco do Proxecto Comunidade, pretendeuse desenvolver a creatividade do alumnado empregando as imaxes como base para a expresión de estilos e técnicas artísticas, recuperando tamén o seu valor etnográfico innegable, que ilustra a transición da sociedade rural galega da metade do século xx.

O emprego da acuarela de forma artesanal (tal como se facía a comezos do século xx para dar cor as fotografías en branco e negro) é a técnica empregada para iluminar e dotar de luz e cor ás instantáneas, o que permitiu a restauración das imaxes, recuperando os momentos que quedaron suspendidos no tempo e na memoria, traéndoo de novo ós nosos días.

A idea foi tamén transcender a realidade inmediata, diaria e familiar e destacar o seu protagonismo na creación dun feito territorial e cultural diferenciado.

De aí a presentación das fotografías amalgamadas nun collage coa forma de Galiza, xa que formamos parte dunha familia, dunha comunidade, dunha cultura e dunha nación.

Utilizáronse diferentes tipos de materiais e técnicas: acuarelas, acrílicos, pasteis, ceras, lapis de cores, rotuladores, distintos tipos de papeis e tecidos... Empregando no resultado final a técnica mixta e o collage.

Foi un traballo de expresión artística, un exercicio de creatividade e liberdade, actuando sobre as fotografías con técnicas moi distintas entre si e diferentes materiais, combinado todo sen regras e con imaxinación. Consequindo tamén chamar a atención do espectador a través de efectos visuais sorprendentes.